

CURSOS TEMPADA 2023-2024

HISTORIA DA ARTE

DISTINTOS ENFOQUES DUNHA MESMA REALIDADE Das vanguardas históricas á arte actual

18 outubro 2023 – 15 maio 2024

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: galería A3, planta baixa

Datas: do 18 de outubro de 2023 ao 15 de maio de 2024

Horario: MÉRCORES de 19.00 a 20.30

Total sesións: 24


Coa colaboración de:

B Sabadell
Fundación

PRAZAS LIMITADAS. Inscrición e matrícula a partir do **15 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudiantes, previa acreditación), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

1



CURSO / HISTORIA DA ARTE

DISTINTOS ENFOQUES DUNHA MESMA REALIDADE

Das vanguardas históricas á arte actual

Se partimos dun enfoque meramente clasicista, unha das funcións más habituais que se lle veu atribuíndo á arte é a representación da realidade, é dicir, do noso mundo circundante; en ocasións buscando reflectir os múltiples aspectos que conforman ese mundo, sempre dende o punto de vista do creador, e noutras traducindo en imaxes recoñecibles e comprensibles as nosas crenzas, medos, ideas ou sentimentos.

Así, dende o momento no que o ser humano comeza a comunicarse co seu ámbito a través da creación de imaxes ata a actualidade, ese creador de formas, mago, sacerdote, ou en último termo, artista, veu desenvolvendo ou abordando unha temática recorrente e de espectro moi amplio, sempre tomando como punto de partida unha realidade da que, por certo, todos formamos parte. Pero a realidade, foi a mesma a través dos tempos e para todos os individuos? É dicir, é única e estática? A resposta é negativa, xa que estamos ante un concepto dinámico que está en constante evolución.

Coa chegada do mundo contemporáneo, no que o esquema do real que nos circunda viuse invadido e trastornado, como en ningún outro momento histórico, coa incorporación de novos fenómenos e elementos, a arte entendida como modo de representación experimenta tamén unha transformación radical, dando cabida a novas preguntas e novas respuestas inconcibibles en tempos pasados. Como consecuencia diso, esas imaxes clásicas e doadamente recoñecibles de figuras ou paisaxes que enchen as páxinas da historia da arte ata a chegada do século XX, deron paso a unha nova morfoloxía artística interpretada a través de diferentes prismas, que xa non quere crear imaxes más ou menos miméticas da realidade exterior, senón más ben transformalas, dotándoas así dunha vida propia.

2

Este será o obxectivo do presente curso: analizar os diferentes enfoques creativos que pode recibir unha mesma realidade, sen esquecer en ningún momento que o artista é dono da súa liberdade creativa e que vive inmerso nun determinado contexto, que para ben ou para mal, condiciona a súa creación. Talvez a arte poida conducirnos máis alá das nocións simplistas que dominan a nosa psique e tamén a nosa concepción de nós mesmos e do mundo. O obxectivo fundamental da análise e do pensamento artístico procura poder romper, cando menos durante uns instantes, a monotonía das nosas experiencias cotiás e mundanas, sacarnos da nosa zona de confort e concedernos a oportunidade de transformarnos en seres más amplos e complexos.

Ana Pereira Molares

PROGRAMA / CALENDARIO

DISTINTOS ENFOQUES DUNHA MESMA REALIDADE

Das vanguardias históricas á arte actual

18 outubro 2023 – 15 maio 2024

NOTA: calendario suxeito a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

Sesión 1 (mércores 18 outubro)

O papel da arte como medio e sistema de representación da realidade. Unha aproximación histórica á orixe e evolución de temas, xéneros, técnicas e soportes (I).

Sesión 2 (mércores 25 outubro)

O papel da arte como medio e sistema de representación da realidade. Unha aproximación histórica á orixe e evolución de temas, xéneros, técnicas e soportes (II).

Sesión 3 (mércores 8 novembro)

O comezo da Modernidade: o mundo circundante contemplado a través do prisma impresionista.

Sesión 4 (mércores 15 novembro)

Interpretacións postimpresionistas: os diferentes camiños que conducen ás vanguardas (I).

Sesión 5 (mércores 22 novembro)

Interpretacións postimpresionistas: os diferentes camiños que conducen ás vanguardas (II).

3

Sesión 6 (mércores 29 novembro)

O Simbolismo e o Modernismo, ou o mundo imaxinado.

Sesión 7 (mércores 13 decembro)

Entramos no século XX: as vanguardas e a súa reinterpretación da realidade artística. A paisaxe e a figura a través do prisma do fauvismo.

Sesión 8 (mércores 20 decembro)

O expresionismo: unidade e diversidade dunha interpretación da realidade anguriada.

Sesión 9 (mércores 10 xaneiro)

O cubismo: a razón substitúe a emoción (I).

Sesión 10 (mércores 17 xaneiro)

O cubismo: a razón substitúe a emoción (II).

Sesión 11 (mércores 24 xaneiro)

O Futurismo: o protagonismo da cidade como factor de modernidade.

Sesión 12 (mércores 31 xaneiro)

O dadaísmo: a rebelión máis radical.

Sesión 13 (mércores 7 febreiro)

Surrealismo e realismos máxicos. Ensoñamos a realidade? (I).

Sesión 14 (mércores 14 febreiro)

Surrealismo e realismos máxicos. Ensoñamos a realidade? (II).

Sesión 15 (mércores 21 febreiro)

A volta á orde, cando menos aparente.

Sesión 16 (mércores 28 febreiro)

O mundo tras a 2ª guerra mundial. As segundas vanguardas. Neo-Dadá e Pop Art: o más popular convértese en artístico.

Sesión 17 (mércores 6 marzo)

Do Nouveau Réalisme ao Hiperrealismo: novas formas de percepción da realidade.

Sesión 18 (mércores 13 marzo)

Arte de acción e performance, ou a unión entre a arte e a vida. Arte povera: o empobrecemento dos signos.

Sesión 19 (mércores 20 marzo)

Body Art: o corpo convértese en soporte artístico.

Sesión 20 (mércores 3 abril)

Land Art: xa non pintamos paisaxes; intervimos neles.

Sesión 21 (mércores 10 abril)

Os anos 80 e 90: unha nova ruptura co vanguardismo (I).

4

Sesión 22 (mércores 24 abril)

Os anos 80 e 90: unha nova ruptura co vanguardismo (II).

Sesión 23 (mércores 8 maio)

Diferentes tendencias no cambio de século: todo está permitido? (I)

Sesión 24 (mércores 15 maio)

Diferentes tendencias no cambio de século: todo está permitido? (II)

Ana Pereira Molares é doutora en Historia da Arte, e ao longo da súa carreira profesional compaxinou a docencia cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente na arquitectura galega da Idade Moderna, que tivo o seu froito en numerosas publicacións. Nos últimos anos, esta liña de investigación deu paso a reflexións noutros ámbitos das artes, como a presenza das mulleres na creación artística ao longo da historia. Un claro exemplo é o seu estudo sobre ‘Pintoras viguesas do século XX’, que constituíu o seu discurso de ingreso no Instituto de Estudios Vigueses, como a primeira muller que foi nomeada membro da devandita institución. A estos traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como relatora, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos. Foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova (actualmente Afundación/Abanca), e dende 2003 colabora co MARCO impartindo cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos.